




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Vigo. Concello: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío.  
Extensión: 0,39km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Tramo de costa de trazado rectilíneo relacionado coa tectónica situado no extremo occidental da Enseada da Barra. Presenta unha parede acantilada e rochosa, de potencia variable que se continúa coa vertente do Monte de Melide, con ladeiras de perfil regular e pendente elevada especialmente na metade norte da unidade.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade componse de micaxistos, cuarxosistos e paragneises, que no seu conxunto conforman o denominado Complexo de Cabo Home - A Lanzada, podendo presentar algunhas vetas de rochas ácidas filonianas nas proximidades de Punta Subrido. A excepción litolóxica da unidade dáse na esquina nororiental, na que dominan os granitos de feldespatos alcalinos con facies de megacristais. A penas son mencionables os materiais cuaternarios.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa acantilada de ambiente climático cálido e húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores acumulados entre 1200 mm e 1400 mm ao ano.

#### OS SOLOS

Tramo acantilado con predominio dos solos novos e esqueléticos, moi afectados pola dinámica erosiva, do tipo regosol e mesmo leptosol lítico onde abundan os afloramentos rochosos.

#### AS AUGAS

A unidade sitúase na ladeira oriental do Monte de Melide, pola que circulan mediante escorrentía difusa, as augas pluviais. Non existe unha rede hídrica definida. As augas costeiras desta zona son as de Cabo Home (20156).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao LIC Costa da Vela. Tramo acantilado baixo, presenta os hábitats 1230, acantilados mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallo mariño acumulado, aínda que sen desenvolver ben as súas características. As vertentes non ocupadas por repoboacións presentan matogueira seca, tipos degradados das breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans, e das breixeiras secas europeas (4030). No Monte de Melide aparecen afloramentos que suman os hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmófita.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Tal e como acontece no resto das unidades da costa da Vela, a configuración topográfica condiciona en gran parte os usos predominantes na unidade. Así, desenvólvese un uso forestal ligado ás masas de repoboación maioritarias, así como a outras masas de recolonización e mixtas da metade norte da unidade. Figura, non obstante, unha superficie significativa de matogueira asociada á vexetación litoral alí onde as condicións ambientais non son aptas para o desenvolvemento de coberturas arbóreas. Por outra parte o uso turístico derivado da singularidade do enclave xeográfico no que se sitúa, o Cabo Home, móstrase na súa dimensión residencial co desenvolvemento de vivendas illadas localizadas nunha zona de ruptura de pendente do acantilado.

#### MORFOLOXÍA

A dificultade imposta pola orografía non permitiu o desenvolvemento de asentamentos de poboación como tales na unidade, pero implantáronse vivendas unifamiliares illadas aproveitando unha zona de remanso da pendente na zona da ladeira do monte que segue á parede do acantilado. A morfoloxía destas vivendas é dispar, sen que se poidan cualificar de tipoloxía tradicional. No que se refire ao parcelario, na actualidade, a súa estrutura figura oculta tras as formacións de matogueira e de arboredo.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realízase a través de vías municipais sen asfaltar que permiten o acceso rodado ao faro de Punta Subrido, conectándose co resto do sistema viario asfaltado no núcleo de Donón, na parroquia de Aldán. Estes camiños seguen unha estrutura en malla a partir da vía principal que accede a este faro e ao faro de Punta Robaleira, desdobrándose noutros camiños que permiten as mesmas conexións pero por rutas alternativas.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O escaso grao de ocupación humana na unidade vese reflectido nunha representación de elementos do patrimonio cultural que se reduce á constatación dun depósito de petróglifos na metade norte da unidade, denominado petróglifo dos Olleiros. Pódese considerar como elemento do patrimonio o faro de Punta Subrido, construído como unha torre cilíndrica branca sobre o punto máis alto do saliente rochoso, polo simbolismo que entraña a súa funcionalidade.



#### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A ladeira do monte de Melide é o soporte base da paisaxe da unidade, pero os salientes rochosos da punta Subrido coroados polo faro branco, adquiren o maior protagonismo polo seu simbolismo e porque organizan o sistema de viario polas súas necesidades de acceso. Así pois, esta unidade de Costado de Barra destaca especialmente polo seu carácter natural, podéndose afirmar que presenta ademais un carácter de transición entre as condicións agrestes dos acantilados da Costa da Vela, representados polo faro sobre os salientes rochosos e as condicións de máis abrigo da enseada de Barra á que enmarca.

#### DINÁMICA DA PAISAXE

Os procesos que dominan esta unidade son os xeomorfolóxicos da dinámica litoral, sendo polo tanto os procesos de carácter natural. Non obstante tamén se produciu un aumento da presión residencial de carácter turístico coa implantación de vivendas unifamiliares illadas na falda da ladeira do Monte de Melide, cun leve incremento dos camiños para lles dar servizo a esas vivendas.

#### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### 3. AVALIACIÓN

#### VALORACIÓN DA PAISAXE

Os procesos xeomorfolóxicos e ecolóxicos dominan a unidade do Costado de Barra, como no resto de unidades de Costa da Vela, sen que se produciran dinámicas que transformasen a identidade das formacións de acantilados existentes. Así, o resultado do devir do tempo sobre esta paraxe evidencia os seus valores naturais que foron recoñecidos a escala autonómica e comunitaria coa súa inclusión na Zona de especial protección dos valores naturais e o Lugar de interese comunitario da Rede natural 2000, Costa da Vela, respectivamente. Ademais, a presenza do petróglifo dous Olleiros e do faro de Punta Subrido engádenlle certos valores culturais, simbolizando este último un diálogo continuo co medio marítimo. Estas características xustifican ademais, a súa inclusión no que se considerou o Espazo de Interese Paisaxístico de Costa da Vela. A configuración dos distintos elementos conforma unha paisaxe de ladeira con maiores posibilidades de visibilidade extrínseca, polo que a observación da unidade completa dende un único punto non é doado. Seleccionáronse dous puntos de observación: o primeiro no propio punto terminal do faro de Punta Subrido, dende o que se pode observar parte da unidade, pero sobre todo unha panorámica das illas Cíes, a enseada de Barra e, se a meteoroloxía o permite, a costa de Vigo de cara ao horizonte suroriental; o segundo punto de observación situouse na zona máis elevada topograficamente no alto do monte de Melide, na intersección de dous dos camiños existentes, dende os que se pode obter unha panorámica deste costado de acantilado e da enseada de Barra e da costa de Vigo.





#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



